

Compostela, xaneiro de 2012. Os orzamentos da Xunta para 2013 , polo que atinxe aos investimentos en actuacións ambientais,
afúndense un 62%
con respeito aos
orzamentos de 2009
. Destacan especialmente os
0
(cero) euros
que investirá en 2013 Xunta de Feijóo na
loita contra o
cambio climático
, os
0€
adicados á
erradicar as especies invasoras
,
0€
tamén para as
Axendas 21 Locais
ou
0€
para educación ambiental
. Xa nin falamos das axudas ás entidades ambientalistas, cuxo papel como axentes da participación pública e garantes da transparencia ambiental énos recoñecido en diversas Directivas e leis estatais e autonómicas. Non só pretenden calarnos adicando, como durante toda a era Feijóo, 0€ para actividades e funcionamento, senón que levan meses sen convocar os organismos consultivos (Consello Galego de Medio Ambiente e Observatorio Galego da Biodiversidade) nos que temos representación, incumprindo as súas propias normas de funcionamento. Mensaxe a Feijóo: Nen así conseguirá calarnos!

Neste proxecto de orzamentos para 2013, e á marxe do brutal recurte dos investimentos ambientais, os capítulos de transferenzas de capital e correntes para financiar diversos **proxec tos e axudas de carácter ambiental**
a concellos e outras entidades, dibuxan unha situación preocupante. Así, por exemplo, as

axudas directas a Parques Naturais (subconceito 7700) acadan uns ridículos 23.333€ no 2013, fronte aos 360.000€ para o mesmo conceito en 2009, unha
redución do 93%
. Se contabilizamos as axudas e medidas compensatorias a concellos en Rede Natura (subconceitos 7603 e 7700), á poboación local (falmilias) do interior e contorna dos Parques Naturais (subconceito 7800), o resultado é unha
caída do 68%
nas transferenzas de fondos propios nos orzamentos 2013 con respeito ao 2009 (796.619€ fronte a 2.530.000€). Á vista desta situación, o panorama dos Parques Naturais galegos para o 2013 é catastrófico, comprometéndose gravemente a súa viabilidade e o seu papel como santuarios da nosa biodiversidade máis fráxil: Só falla que os privaticen coa excusa do seus "escasos beneficios".

Resulta moi revelador o conceito que a administración de Feijóo ten das **milloras ambientais das administracións locais**
. Así, no capítulo de axudas ambientais a concellos (conceito 760, subconceito 7600), todos os cartos (2 millóns de €) adícanse en 2013 á redacción dos PXOM. En 2009, os cartos para os PXOM libráronse dende a consellaría de Política Territorial (tamén 2 millóns de €), e non dende Medio Ambiente. Neste departamento, adicáronse a maiores en 2009 para a mellora ambiental dos concellos un total de 3,4 millóns de €. Cousas de xestionar o formigón e a natureza na mesma consellaría: Nun exercicio de prestidixitación,
Hérnández escamotea 3,4 millóns de € aos concellos en 2013
.

Particularmente preocupante resulta o montante adicado este ano pola Xunta para axudar aos concellos a **xestionar os animais domésticos** (servizo de gardería e lacería): Uns ridículos 20.000€ para todas as instalacións do país. Como é posíbel que con estes cartos realicen unha xestión minimanente decente dos animais das canceiras? Fronte aos 450.000€ adicados a este conceito en 2009, unha **redución do 95%**
significará que moitas instalacións deixen de ser viábeis ou que as existentes teñan que "reducir" os acollementos pola vía, claro está, do exterminio.

Nesta mesma liña hai que interpretar a **redución do 52% nos orzamentos adicados ao pago dos danos da fauna salvaxe** (111.616€ en 2013 fronte aos 234.000€ de 2009). Tendo en conta esta redución, resulta evidente que nen sequera os gandeiros que teñan pendente cobrar os danos de 2012 o van facer, e que a aposta da Xunta fía máis no chumbo que no euro. Así se explica que Borregón agasalle ao lobby da escopeta con 378.000€ para seguir promocionando unha "xestión cinexética sustentábel" a base de pólvora. As consecuencias para a nosa fauna serán catastróficas: Tiros nos montes todo o ano e incremento dos lazos e velenos pola frustración dos que saben que non se lles pagarán os

danos causados polo lobo e outros animais no seu gando ou cultivos.

Finalmente, ADEGA quere tamén denunciar o **nulo investimento** (sí, trátase dun investimento, e non dun gasto) **en educación ambiental** e o intento de asfixiar e **censurar a actividade dos grupos ecoloxistas**. Non abonda con **rebaixar a 0€** os cartos adicados á promoción de actividades ambientais e de cooperación por parte do tecido asociativo (en 2009 preto de 1,2 millóns de €), a Xunta pretende tamén deixarnos sen voz: Por segunda vez **ADEGA ten que acudir ao Valedor para que a Xunta convoque en tempo e forma os organismos consultivos ambientais** nos que estamos representados os grupos ecoloxistas. O Consello Galego de Medio Ambiente, que por lei debe reunirse semestralmente, leva sen facelo case un ano. E o Observatorio Galego da Biodiversidade, de periodicidade anual, leva sen convocarse dende o 22 de decembro de 2010. É a austeridade de Feijóo: Tamén fai recurtes no cumprimento das leis!